

## ANUNCIO

En sesión extraordinaria e urxente celebrada hoxe, 14/01/2016, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

**“PRIMEIRO.-** Acordar, con carácter cautelar e como medida provisional ao abeiro do establecido no artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a suspensión dos procesos selectivos en execución para a provisión de prazas encadradas na 2ª fase da convocatoria da Oferta de Emprego Público 2010-2011, á vista das solicitudes efectuadas en documento 150158699 por D. Dámaso Pena González en representación do sindicato SICO e en escrito de data 11/01/2016 por Dª Cayetana Martínez Pardo (documento 160002449).

A dita medida, que se adopta aos efectos de garantir a legalidade, transparencia e adecuación a Dereito dos procesos de selección de persoal e de ingreso no emprego público local, así como dos posibles dereitos subxectivos e inteses lexítimos susceptibles de resultar afectados de procederse ao nomeamento de funcionarios/as con cargo ás prazas ofertadas, manterase namentres se procede ao estudio da situación existente pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, previa a solicitude dos informes procedentes, que permitan a análise da problemática concorrente, e para a adopción da correspondente decisión sobre o fondo do asunto.

En calquera caso, establécese expresamente que esta medida cautelar poderá ser alzada ou modificada durante a tramitación do procedemento, de oficio ou a instancia de parte, en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puidesen ser tidas en conta no momento da súa adopción; dispoñendo que poderá deixada sen efecto por acordo posterior do órgano competente, unha vez se proceda á emisión dos correspondentes informes xurídicos e informes-proposta necesarios para a adopción dunha decisión sobre o fondo do asunto polo órgano municipal competente; e extinguíndose en calquera caso coa eficacia da resolución administrativa que poña fin ao procedemento correspondente, nos termos do disposto no artigo 72.4 da Lei 30/1992.

**SEGUNDO.-** Dispoñer a notificación do presente acordo mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), outorgando un prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da notificación para a formulación de alegacións en caso de estimarse procedentes.

Contra a presente resolución, que ten natureza xurídica e procedimental de acto de trámite, únicamente caberá a interposición de recurso potestativo de reposición nos supostos previstos no artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, no prazo de **1 mes** a contar dende o día seguinte ao da notificación da mesma.”

O cal se fai público aos efectos oportunos.

MDG/

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O CONCELEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL.- Javier Pardo Espiñeira  
(Delegación competencial efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de 19/06/2015 e acordo XGL de mesma data)

